




RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA EN 2008

Fernando Barbeyto Nistal e Claudio López Garrido
CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO



Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural

Lugar: Santiago de Compostela

Deseño e Maquetación: Gráficas Garabal

Fotografías: Jesús Manuel Rodríguez Casabiell
Fernando Barbeyto Nistal
Claudio López Garrido

Ano: 2010

Imprime: Gráficas Garabal

Depósito Legal: C 597-2010

ISBN: 978-84-453-4925-0

RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA EN 2008

Fernando Barbeyto Nistal

Claudio López Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Santiago de Compostela
2010



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
1. XENERALIDADES	13
1.1. Evolución da produción e do número de explotacións	15
1.2. Prezo do leite	17
2. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2008	21
3. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2004–2008)	27
4. ANÁLISE DOS GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2008	33
5. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN (2007-2008)	39
6. RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS	45
6.1. Resultados en función do tamaño do rabaño	47
6.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil	51
6.3. Resultados por volume do leite comercializado	55
6.4. Resultados en función da carga gandeira	59
6.5. Resultados en función do rendemento leiteiro	63
6.6. Resultados en función da produción por unidade de superficie	67
6.7. Resultados en función do uso do concentrado	71
6.8. Resultados en función do prezo do leite	75
6.9. Resultados en función do prezo do concentrado	79
7. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS NO MARCO EUROPEO	83
CONCLUSIÓNS	95



Coa publicación de *Resultados do Programa de xestión de vacún de leite en Galicia 2008* a Consellería do Medio Rural pretende, un ano máis, subministrar unha información que sirva de referencia, tanto aos técnicos e analistas como aos produtores, para coñecer os índices técnico-económicos que reflectan e expliquen os resultados das explotacións leiteiras de Galicia.

O coñecemento dos custos de produción e dos índices de produtividade é fundamental para avaliar a eficiencia das explotacións. Este traballo evidencia que a rendibilidade depende do control dos custos de produción, tanto ou máis que dos ingresos, e revela a necesidade de mellorar continuamente conforme o progreso técnico e a redución dos custos. Moitas veces a maior dimensión non parece implicar economías de escala e apréciase que explotacións con maior carga gandeira son as que presentan maiores dificultades.

Por outra parte, na comparación das nosas explotacións coas do resto de Europa constátase o seu menor tamaño, a súa maior intensificación, a menor produtividade da man de obra, o elevado consumo de concentrado e o alto custo da alimentación do gando.

Nunha economía globalizada ninguén opera á marxe das fluctuacións dos mercados internacionais. A interrelación entre os mercados fai que teñamos que estar pendentes das cotizacións en Nova Zelandia ou nos EE. UU. ou de problemas sanitarios en China.

Neste sentido é importante difundir as comparacións internacionais de custos e de resultados das nosas explotacións coas doutros países europeos, para que se confirmen as diferenzas, se mida a envergadura dos retos que se van afrontar e se poidan adoptar medidas correctoras que permitan mellorar a nosa competitividade.

Este traballo, que se vén realizando desde hai anos, constitúe un proceso sistemático e continuo de comparación da eficiencia propia en termos de produtividade, calidade e prácticas, coa daquelas explotacións que son recoñecidas por representaren a excelencia.

As críticas ou suxestións dos lectores a este informe serán ben acollidas por esta Consellería co fin de que se poida mellorar no futuro, e así se converta nunha ferramenta útil a disposición dos profesionais deste subsector, que convide á reflexión sobre as vías para mellorar a eficiencia das nosas explotacións leiteiras nun mercado cada vez máis difícil.

Samuel Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

INTRODUCCIÓN





INTRODUCCIÓN

O programa de xestión das explotacións de leite en Galicia, iniciado en 1977, recolle información sobre os resultados técnico-económicos das Agrupacións de Xestión de Explotacións (Axes) desde 1987. Na presente memoria recóllense os resultados correspondentes ao exercicio de 2008. Os relativos á cota láctea das explotacións son os datos oficiais de inicio da campaña 2008-2009 e, polo tanto, reflicten a distribución da cota o 1 de abril de 2008.

Aínda que o traballo segue o mesmo esquema de anos anteriores, ampliouse algo a información relativa ao prezo do leite para que se poidan entender os resultados de 2008, no que o rápido descenso do prezo non supuxo, porén, que o prezo medio anual fose inferior ao de 2007.

No período que cobre de xaneiro a decembro de 2008, nove Axes con doce técnicos participaron no programa de xestión da Consellería do Medio Rural que atinxiu a 328 explotacións de vacún de leite en toda Galicia. A súa distribución, en función do volume da produción (Táboa 1), mostra que, salvo no primeiro estrato, o tamaño medio das explotacións do grupo de Axes se aproxima bastante á media galega. A produción media por explotación é semellante á de 2007 en todos os estratos.¹

Táboa 1. Distribución da cota láctea galega e da produción das explotacións das Axes

Cota ou produción/ explotación	Distribución da cota de Galicia					Distribución da produción das Axes				
	Explotacións		Cota total		Cota por explotación	Explotacións		Produción total		Produción por explotación
	t	nº	%	t	%	t	nº	%	1.000 L	%
<100	6.424	47,3	302.503	14,1	47,089	8	2,4	655	0,1	80.348
100 - 299	5.388	39,7	941.157	43,7	174,676	127	38,7	27.076	5,7	207.732
300 - 599	1.397	10,3	564.149	26,2	403,829	144	43,9	59.392	12,5	412.445
600 - 1.199	337	2,5	270.979	12,6	804,091	46	14,0	385.597	80,9	838.256
≥1.200	41	0,3	73.180	3,4	1784,878	3	0,9	4.168	0,9	1.389.471
Total	14.637	100	2.206.127	100	158,384	328	100	476.888	100	393.735

¹ Consellería do Medio Rural. *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galicia en 2007*. Xunta de Galicia. 2009

1.

XENERALIDADES






1. XENERALIDADES

1.1. Evolución da produción e do número de explotacións

Na campaña de 2007-2008, que rematou o 31 de marzo de 2008, desapareceron en Galicia 1.050 explotacións leiteiras, o que representa unha redución do 7,2 %. Este é o menor descenso da última década. O máis salientábel desta campaña é a diminución, por primeira vez, da cota total de Galicia, que supón unha perda de 158.384 t. Aínda que a cota media por explotación aumenta en 7.661 kg, este incremento do 5,1% é moi inferior ao dos anos anteriores, o que parece indicar que o crecemento das explotacións tende a estancarse (Gráfico 1).

Gráfico 1. Evolución do número de explotacións e da cota/explotación (kg) en Galicia



A ralentización na desaparición de explotacións tamén se observa nas transferencias dos estratos inferiores aos superiores. As explotacións de menos de 100 t de cota pasaron de representar o 49,8% das totais e de dispor do 15,1% da cota total, a ser o 47,2% das totais co 14,1% da cota total. Na campaña de 2007-2008 as explotacións de máis de 300 t de cota eran o 12,1% das totais e contaban co 40,9% da cota, no entanto na de 2007-2008 pasaron a ser o 13,1% co 42,2% da cota (Gráficos 2 e 3).

Táboa 2. Evolución da cota e do número de explotacións leiteiras por estrato de tamaño

Cota	2007				2008			
	Explotacións		Cota total		Explotacións		Cota total	
	kg	Nº	kg	%	Nº	%	kg	%
< 39.999	3.393	23,2	69.240.230	3,1	2.871	21,1	59.856.217	2,8
40.000 - 99.999	3.899	26,6	264.695.207	12,0	3.553	26,1	242.646.329	11,3
100.000 - 149.999	2.303	15,7	283.084.935	12,8	2.202	16,2	270.962.905	12,6
150.000 - 299.999	3.273	22,4	687.491.996	31,2	3.186	23,4	670.193.584	31,1
300.000 - 599.999	1.403	9,6	566.885.168	25,7	1.397	10,3	564.148.590	26,2
600.000 - 1.199.999	325	2,2	261.632.291	11,9	337	2,5	270.978.587	12,6
1.200.000 - 2.399.999	33	0,2	49.330.413	2,2	33	0,2	49.412.007	2,3
≥ 2.400.000	8	0,1	23.767.989	1,1	8	0,1	23.767.989	1,1
TOTAL	14.637	100	2.206.128.229	100	13.587	100	2.151.966.208	100
Cota media/explotación			150.723				158.384	

Fonte: Consellería do Medio Rural

A tendencia á concentración da produción de leite nun número de explotacións cada vez menor, con rabaños de maior tamaño, parece atenuarse.

Gráfico 2. Evolución da distribución das explotacións (%) en Galicia por estratos de tamaño de cota por explotación





Gráfico 3. Evolución da distribución da cota (%) en Galicia por estratos de tamaño de cota por explotación




1.2. Prezo do leite

Para entender os resultados económicos das explotacións cómpre observar a evolución seguida polo prezo do leite nos últimos anos. Até o mes de abril de 2007, o prezo do leite mantívose a un nivel semellante ao dos anos anteriores. A partir de aí, iniciou un ascenso espectacular que non se detería até o mes de decembro. En xaneiro de 2008 o prezo comezou a descender e en decembro era inferior nun 27,2% ao do mesmo mes do ano anterior. A baixada continúa en 2009, de xeito que en abril o descenso acumulado respecto de decembro de 2007 era do 41,8% (Gráfico 4).

A pesar desta baixada, cómpre salientar que o prezo medio anual do leite en 2008 (36,8 €/100 L) non foi inferior ao de 2007 (36,5 €/100 L), o que explica os bos resultados dese ano, aínda que a súa imparábel caída coloca a moitas explotacións en graves dificultades económicas.


Gráfico 4. Evolución do prezo do leite (€/100 L) en Galicia 2006-2009



Fonte: Instituto Galego de Estatística e Observatorio do Sector Lácteo

O prezo do leite en Galicia, que tradicionalmente é inferior ao prezo medio de España, logrou superalo na fase de ascenso nos meses de xullo a outubro de 2007. A partir de novembro, a caída foi moito máis rápida en Galicia e a diferenza de 1 ct/L entre ambos os dous prezos antes da suba de 2007 ampliouse a 3 cts/L en 2008 (Gráfico 5).

Gráfico 5. Evolución do prezo do leite (€/100 L) en Galicia e España 2007 -2009



A distribución das explotacións en función da súa produción ou cota e do prezo medio anual do leite mostra que o prezo de 2008 foi superior ao de 2007 en todos os estratos. As diferenzas entre o prezo máximo e o mínimo evidencian a gravidade da situación económica das explotacións que, pensando que se mantería o nivel de prezos da fase ascendente, foron pouco prudentes ou irreflexivos nos investimentos. Neste sentido, é preciso destacar que máis do 80% das explotacións tivo un prezo por debaixo da media, tanto en 2007 como en 2008, e que só un 4%, aproximadamente, recibiu o máximo (Táboa 3).

Táboa 3. Prezo do leite (€/100 L) e número de explotación segundo a produción en 2007-2008

Produción (L/explotación)	2007				2008			
	Explotacións Nº	Prezo (€/100 L)			Explotacións Nº	Prezo (€/100 L)		
		Media	Máximo	Mínimo		Media	Máximo	Mínimo
≤ 72.000	5.671	31,88	40,48	25,53	4.921	32,96	40,42	29,37
72.001-240.000	6.383	35,61	44,95	28,51	6.096	35,72	43,92	32,39
240.001-500.000	2.019	38,17	47,74	30,89	1.998	38,21	46,52	34,23
> 500.000	562	39,23	49,08	31,47	572	40,00	48,11	36,34
Total	14.635	36,54	45,87	29,35	13.587	36,84	44,98	33,42

2.

RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2008





2. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2008

O número de explotacións que participou no estudo de 2008 é superior ao de 2007 e o seu tamaño medio algo maior, tanto en volume de produción comercializada como en número de vacas e superficie (Táboa 4). A produción media por explotación no grupo de explotacións analizado (393.735 litros) é moi superior á media das explotacións galegas, aténdenos á cota láctea media por explotación (158.384 kg).

A carga gandeira, medida tanto en vacas como en unidades de gando maior (UGM) por ha, é inferior á de 2007 (1,7 vs. 1,9 vacas/ha e 2,47 vs. 2,65 UGM/ha) e o rendemento leiteiro lixeiramente menor que o do ano anterior (7.891 vs. 7.902 L/vaca) e, polo tanto, tamén o é a produción de leite por unidade de superficie (13.288 vs. 14.640 L/ha).

O custo da fertilización por hectárea en 2008 foi inferior ao de 2007, mais o consumo de concentrado foi superior (2.944 vs. 2.832 kg/vaca), o que non significou un maior rendemento por vaca (7.891 vs. 7.902 L/vaca), mais si o incremento do consumo de concentrado en relación coa produción leiteira, que pasou de 360 g/L en 2007 a 370 g/L en 2008. No aumento do gasto tamén influíu a suba do seu prezo (308 vs. 250 €/t), o que provocou que a relación entre o prezo do leite e o do concentrado pasase de 1,54 a 1,28.

Os resultados económicos mostran un empeoramento en relación cos de 2007 (Táboa 5). Tanto a marxe neta como o beneficio experimentan un descenso importante debido ao incremento dos custos variábeis e fixos, aínda que se reducen os custos de oportunidade.

O 58% das explotacións de 2007 estiveron presentes na análise de 2008. A evolución deste grupo de 117 explotacións ofrece unha visión moito máis real do acontecido no exercicio.

Tanto a superficie como o número de vacas variaron lixeiramente, o que provocou un pequeno incremento da carga gandeira, e aínda que o rendemento leiteiro apenas variou, a produción de leite por unidade de superficie e a produción comercializada por explotación experimentaron un pequeno aumento.

O efecto combinado dun lixeiro incremento do consumo de concentrado por vaca cunha leve redución do rendemento leiteiro explica que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pasase de 360 a 370 g/L.

O prezo medio anual do leite en 2008 foi un 1,8% máis alto que o do ano anterior, a pesar do seu descenso, o que se explica porque o período de prezos altos foi máis curto en 2007. O prezo do concentrado, que xa aumentara un 15% en 2007, incrementouse outro 22% en 2008.

Os custos variábeis creceron un 16,6%, os fixos un 9,1% e os custos de oportunidade non variaron. O resultado foi un incremento do custo de produción nun 14,7% e dos custos totais nun 12,3%.

Os ingresos totais creceron un 2,1%, a marxe neta diminuíu un 18,6% e o beneficio descendeu un 27,3%. Estes resultados económicos contrastan cos obtidos en 2007 que foran os mellores desde a década dos oitenta.

Táboa 4. Índices técnicos. Valores medios 2007-2008

	2007	2008	2007-2008	
Número total de explotacións	201	328		
Número de explotacións comúns			117	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS				
SAU (ha)	23,9	29,9	26,1	26,9
Nº de vacas	44,3	50,3	48,3	50,9
Produción comercializada (L/expl.)	348.583	393.735	404.263	424.213
Produción /SAU (L/ha)	14.640	13.288	15.522	15.802
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN				
Vacas/ha	1,9	1,7	1,8	1,9
UGM/ha	2,65	2,47	2,66	2,73
Partos/vaca/ano	0,83	0,81	0,84	0,83
Fertilizantes (€/ha)	189	180	186	200
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO				
Rendemento (L/vaca)	7.902	7.891	8.376	8.341
Concentrado (kg/vaca)	2.832	2.944	3.049	3.055
Concentrado/leite (g/L)	360	370	360	370
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)				
Compra de concentrado	9,64	12,10	9,74	12,04
Compra de forraxes	0,72	0,81	0,92	1,01
Produción de forraxes propias	3,61	3,78	3,55	3,81
CALIDADE DO LEITE				
% graxa	3,86	3,89	3,84	3,84
% proteína	3,17	3,17	3,16	3,14
Bacterioloxía (000)	24	29	20	24
Células somáticas (000)	236	230	232	232
PREZOS				
Leite (€/100 L)	38,65	39,66	39,34	40,04
Concentrado (€/t)	250	308	255	311
Relación prezos leite/concentrado	1,54	1,28	1,54	1,28

Táboa 5. Índices económicos. Valores medios 2007-2008

	2007	2008	2007-2008	
Número total de explotacións	201	328		
Número de explotacións comúns			117	
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)				
INGRESOS				
Venda de leite	38,65	39,66	39,34	40,04
Venda de animais	2,34	1,82	2,20	1,99
Variación do inventario	0,93	1,20	0,95	0,71
Outros ingresos	4,19	4,09	4,29	5,00
Produto bruto	46,11	46,78	46,78	47,74
CUSTOS VARIÁBEIS				
Compra de gando	0,47	0,65	0,27	0,54
Compra alimentos vacas	10,36	12,91	10,66	13,06
Compra alimentos recría	1,57	1,84	1,57	1,90
Produción propia, forraxes	3,61	3,78	3,55	3,81
Sanidade e reprodución	2,66	2,71	2,68	3,81
Enerxía e maquinaria	2,56	3,07	2,62	2,76
Total Custos Variábeis	21,23	24,95	21,35	24,88
CUSTOS FIXOS				
Amortizacións técnicas	3,56	3,29	3,07	3,07
Man de obra retribuída	1,00	1,18	0,75	0,95
Outros custos fixos	3,46	3,93	3,96	4,47
Total Custos Fixos	8,02	8,40	7,79	8,50
Custo de produción	29,25	33,35	29,14	33,38
CUSTOS DE OPORTUNIDADE				
Xuros dos capitais propios	1,63	1,94	1,25	1,57
Renda das terras propias	1,65	1,27	1,55	1,05
Custo do traballo familiar	3,61	3,14	2,70	2,91
Total Custo de Oportunidade	6,89	6,35	5,50	5,53
Custos Totais	36,14	39,7	34,64	38,91
RESULTADOS ECONÓMICOS				
Marxe neta	16,86	13,43	17,65	14,37
Beneficio	9,97	7,08	12,15	8,83
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)				
Venda de leite	134.733	156.172	159.043	169.852
Produto bruto	160.746	184.170	189.133	202.525
Total Custos Variábeis	73.993	98.234	86.314	105.541
Total Custos Fixos	27.972	33.072	31.474	36.045
Custo Total de Produción	101.965	131.306	117.787	141.586
Custo Total de Oportunidade	24.026	24.985	22.241	23.466
Custos Totais	125.991	156.291	140.028	165.052
Marxe neta	58.781	52.863	71.346	60.939
Beneficio	34.755	27.878	49.105	37.473

3.

EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2004–2008)





3. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2004–2008)

A serie de resultados das 20 explotacións que estiveron presentes en todas as análises realizadas entre 2004 e 2008 permite unha aproximación á evolución do sector lácteo galego no último lustro.

Aínda que o incremento porcentual da Superficie Agraria Útil media das explotacións é do 13,4% e o do tamaño do rabaño do 10,3%, en termos absolutos o aumento é moi pequeno. Iso explica que tamén fose escasa a redución da carga gandeira, que pasou de 2,0 vacas/ha e 2,81 UGM/ha en 2004 a 1,9 vacas e 2,75 UGM/ha en 2008 (Táboa 6). Este descenso da densidade gandeira foi acompañada dunha diminución do uso de fertilizantes químicos e un aumento do rendemento leiteiro nun 7,36%, que pasou de 7.886 litros/vaca en 2004 a 8.459 en 2008 (Gráfico 6).

O consumo de concentrado aumentou lixeiramente, mais en menor proporción que o rendemento leiteiro, o que permitiu reducir algo a relación entre consumo de concentrado e produción de leite, que pasou de 360 a 350 g/L.

O prezo medio anual do leite, que experimentara unha suba espectacular en 2007, manteríase en 2008, aínda que a tendencia do prezo mensual fose á baixa. O elevado incremento do prezo do concentrado en 2008 provocaría que a relación entre o prezo do leite e o do concentrado fose a peor do último lustro.

O produto bruto, que se elevara considerabelmente en 2007, mantívose estábel en 2008. Os custos variábeis que en 2007 aumentaran un 11,8%, despois duns anos de estabilidade, volveron aumentar un 15,2% en 2008. Os custos fixos, os custos de produción e os custos totais non deixaron de crecer ao longo de todo o período, mentres os de oportunidade, que descenderan considerabelmente en 2007, volveron aumentar en 2008, aínda que sen alcanzar o nivel dos anos anteriores (Táboa 7).

Marxe neta e beneficio, que aumentaron ao longo do período en función da evolución de custos e ingresos, coa excepción de 2005, experimentaron en 2008 unha contracción do 20,8% na marxe neta e do 31,9% no beneficio respecto de 2007, que foi un ano excepcional (Gráfico 7).



Táboa 6. Evolución dos índices técnicos da mostra permanente

	2004	2005	2006	2007	2008
Número de explotacións	20	20	20	20	20
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	21,7	21,4	23,7	24,9	24,6
Nº medio de vacas	43,3	43,7	44,2	45,6	47,8
Produción media comercializada (L)	338.014	350.362	369.686	384.435	403.674
Produción /SAU (L/ha)	15.719	16.542	15.719	15.539	16.420
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN					
Vacas/ha	2,0	2,0	1,9	1,8	1,9
UGM/ha	2,81	2,82	2,62	2,60	2,75
Partos/vaca/ano	0,89	0,85	0,85	0,86	0,89
Fertilizantes (€/ha)	193	195	184	177	204
N kg/ha	151	145	125	125	96
P ₂ O ₅ kg/ha	119	103	94	57	57
K ₂ O kg/ha	91	78	63	53	41
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.886	8.074	8.404	8.462	8.459
Concentrado (kg/vaca)	2.833	2.828	2.976	2.986	2.962
Concentrado/Leite (g/L)	360	350	350	350	350
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,33	8,27	8,18	9,81	12,14
Compra de forraxes	0,95	0,88	0,93	0,70	0,53
Produción de forraxes propias	3,39	3,64	3,46	3,97	4,36
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,96	3,92	3,84	3,84	3,83
% proteína	3,17	3,19	3,19	3,20	3,16
Bacterioloxía (000)	18	20	12	15	21
Células (000)	220	228	233	239	236
PREZOS					
Leite (€/100 L)	33,41	33,00	31,88	39,97	40,26
Concentrado (€/t)	238	223	218	258	323
Relación prezos leite/Concentrado	1,40	1,47	1,46	1,54	1,24

Táboa 7. Evolución dos índices económicos da mostra permanente

	2004	2005	2006	2007	2008
Explotacións	20	20	20	20	20
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)					
INGRESOS					
Venda de leite	33,41	33,00	31,88	39,97	40,26
Venda de animais	2,56	3,12	2,88	2,55	2,21
Variación do inventario	-0,22	0,54	0,66	1,14	0,52
Total outros ingresos	2,75	1,02	4,53	5,32	6,06
Produto bruto	38,50	37,68	39,94	48,98	49,04
CUSTOS VARIÁBEIS					
Compra de gando	0,36	0,88	0,75	0,77	1,06
Compra alimentos vacas	10,28	9,14	9,11	10,52	12,67
Compra alimentos recría	1,39	1,01	0,81	1,16	1,40
Produción propia, forraxes	3,39	3,64	3,46	3,97	4,36
Sanidade e reprodución	2,37	2,64	2,72	2,83	2,80
Energía e maquinaria	2,12	2,48	2,53	2,08	2,26
Total Custos Variábeis	19,91	19,80	19,37	21,32	24,55
CUSTOS FIXOS					
Amortizacións técnicas	1,72	1,89	1,89	1,89	2,00
Man de obra retribuída	0,74	0,71	0,57	0,46	0,63
Outros custos fixos	3,14	3,35	4,43	5,46	6,15
Total Custos Fixos	5,59	5,95	6,89	7,81	8,77
Custo de produción	25,50	25,75	26,26	29,13	33,32
CUSTOS DE OPORTUNIDADE					
Xuros dos capitais propios	0,74	0,80	1,81	0,14	0,84
Renda das terras propias	1,55	1,46	1,54	1,55	1,46
Custo do traballo familiar	3,11	3,25	2,84	2,62	2,82
Custo Total de Oportunidade	5,39	5,51	6,19	4,32	5,13
Custos Totais	30,89	31,26	32,45	33,45	38,45
RESULTADOS ECONÓMICOS					
Marxe neta	13,00	11,93	13,68	19,85	15,72
Beneficio	7,60	6,42	7,49	15,54	10,59
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)					
Venda de leite	112.944	115.612	117.838	153.648	162.507
Produto bruto	130.131	132.006	147.665	188.294	197.964
Total Custos Variábeis	67.300	69.364	71.621	81.961	99.109
Total Custos Fixos	18.905	20.855	25.470	30.006	35.413
Custo Total de Produción	86.205	90.219	97.090	111.967	134.522
Custo Total de Oportunidade	18.222	19.310	22.873	16.592	20.691
Custos Totais	104.427	109.529	119.963	128.558	155.213
Marxe neta	43.926	41.787	50.575	76.327	63.442
Beneficio	25.705	22.477	27.702	59.735	42.752

Gráfico 6. Evolución da SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca (2004-2008)





Gráfico 7. Evolución dos custos variábeis, fixos, marxe neta e prezo do leite (2004-2008)



4.

ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2008





4. ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2008

Igual que en anos anteriores, para explicar as diferenzas entre explotacións realizouse unha análise de grupos mediante a comparación dos resultados medios da totalidade cos dous grupos de cabeza e cola, que reúnen, respectivamente, o 25% das explotacións que conseguen os mellores resultados e o 25% das que obteñen os peores.

O criterio clasificatorio utilizado para ordenar as explotacións e definir os grupos en función dos resultados económicos é a relación porcentual entre o custo total de produción e o produto bruto da explotación.

4.1. Resultados técnicos

As 82 explotacións que forman o grupo de cabeza teñen a mesma superficie que as de cola, (30,2 vs. 30,8 ha), un número de vacas lixeiramente inferior (46,1 vs. 52,7 vacas) e un volume de produción comercializada tamén menor (350.040 vs. 389.949 L/ explotación) (Táboa 8).

A carga gandeira é inferior no grupo de cabeza, tanto en vacas (1,5 vs. 1,7 vacas/ha) como en UGM (2,32 vs. 2,48 UGM/ha). O rendemento leiteiro é lixeiramente superior nas de cabeza (7.758 vs. 7.431 L/vaca), mais a produción por unidade de superficie, debido á carga gandeira, é superior no grupo de cola (12.701 vs. 11.819 L/ha).

O grupo de cabeza ten un menor gasto en fertilizantes (177 vs. 184 €/ha), un consumo de concentrado inferior (2.550 vs. 3.207 kg/vaca) e unha relación entre uso de concentrado e produción de leite (330 vs. 430 g/L) claramente máis favorábel (Gráfico 8).

Como o prezo do leite foi algo superior e o do concentrado inferior no grupo de cabeza, a relación entre ambos os dous prezos (1,31 vs. 1,25) provocou unha vantaxe adicional para este grupo, xa que o seu consumo de concentrado foi menor. En xeral, as diferenzas entre o grupo de cabeza e o de cola acentuáronse en relación aos resultados de anos anteriores.¹

4.2. Resultados económicos

Os ingresos unitarios procedentes da venda do leite son lixeiramente superiores no grupo de cabeza (39,56 vs. 39,22 €/100 L) e de maneira máis clara en termos de produto bruto (47,96 vs. 44,99 €/100 L), aínda que os valores totais por explotación por estes mesmos conceptos son superiores no grupo de cola debido ao seu maior número de vacas e volume de produción (Táboa 9).

Tanto os custos variábeis (20,31 vs. 29,21 €/100) como os fixos (6,39 vs. 10,71 €/100 L) foron inferiores no grupo de cabeza e, en consecuencia, tamén o foron os custos de produción (26,70 vs. 39,92 €/100 L). Só os custos de oportunidade foron algo inferiores no grupo de cola. O resultado final é unha marxe neta superior (21,26 vs. 5,07 €/100 L) e un beneficio de 14,27 no grupo de cabeza fronte a unha perda de 0,80 €/100 L no de cola. Estas diferenzas son constatábeis tanto en termos relativos como nos totais por explotación, o que revela que o maior tamaño non permitiu economías de escala (Gráfico 9).

¹ Véxanse as publicacións da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galicia* en 2006 e 2007.

Os resultados mostran, como en anos anteriores, que para a rendibilidade dunha explotación é tan importante o control dos custos de produción como o prezo do leite ou os ingresos. Así, a diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola é de 2,97 €/100 L, mentres a existente entre o custo de produción de ambos os dous grupos se eleva a 13,22 €/100 L.

Táboa 8. Índices técnicos en 2008

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	328	82	82
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS			
SAU (ha)	29,9	30,2	30,8
Nº de vacas	50,3	46,1	52,7
Produción comercializada (L)	393.735	350.040	389.949
Produción /SAU (L/ha)	13.288	11.819	12.701
MANEXO DO GANDO			
Vacas/ha	1,7	1,5	1,7
UGM/ha	2,47	2,32	2,48
Partos/vaca/ano	0,81	0,87	0,72
MANEXO DA FERTILIZACIÓN			
Fertilizantes (€/ha)	181	177	184
N (kg/ha)	72	64	68
P ₂ O ₅ (kg/ha)	42	40	43
K ₂ O (kg/ha)	35	33	36
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO			
Rendemento (L/vaca)	7.891	7.758	7.431
Concentrado (kg/vaca)	2.944	2.550	3.207
Concentrado/leite (g/L)	370	330	430
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)			
Compra de concentrado	12,10	10,19	14,12
Compra de forraxes	0,81	0,36	1,04
Produción de forraxes propias	3,78	3,80	3,94
CALIDADE DO LEITE			
% graxa	3,89	3,89	3,88
% proteína	3,17	3,15	3,17
Bacterioloxía (000)	29	27	34
Células somáticas (000)	230	200	268
PREZOS			
Leite (€/100 L)	39,66	39,56	39,22
Concentrado (€/t)	308	300	314
Relación prezos leite/Concentrado	1,28	1,31	1,25

Táboa 9. Índices económicos en 2008

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	328	82	82
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)			
INGRESOS			
Venda de leite	39,66	39,56	39,22
Variación do inventario	1,20	2,12	0,38
Venda de animais	1,82	1,89	1,77
Outros ingresos	4,09	4,39	3,63
Produto bruto	46,78	47,96	44,99
CUSTOS VARIÁBEIS			
Compra de gando	0,65	0,31	0,89
Compra alimentos vacas	12,91	10,55	15,15
Compra alimentos recría	1,84	1,33	2,22
Produción propia, forraxes	3,78	3,80	3,94
Sanidade e reprodución	2,71	2,23	3,15
Enerxía e maquinaria	3,07	2,09	3,86
Total Custos Variábeis	24,95	20,31	29,21
CUSTOS FIXOS			
Amortizacións técnicas	3,29	3,01	3,97
Man de obra retribuída	1,18	0,37	1,91
Outros custos fixos	3,93	3,01	4,83
Total Custos Fixos	8,40	6,39	10,71
Custo de produción	33,35	26,70	39,92
CUSTOS DE OPORTUNIDADE			
Xuros dos capitais propios	1,94	2,06	2,05
Renda das terras propias	1,27	1,40	1,39
Custo do traballo familiar	3,14	3,53	2,44
Total Custo de Oportunidade	6,35	6,99	5,87
Custos Totais	39,7	33,69	45,79
RESULTADOS ECONÓMICOS			
Marxe neta	13,43	21,26	5,07
Beneficio	7,08	14,27	-0,80
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)			
Venda de leite	156.172	138.460	152.919
Produto bruto	184.170	167.872	175.456
Total Custos Variábeis	98.234	71.080	113.911
Total Custos Fixos	33.072	22.371	41.764
Custo Total de Produción	131.306	93.451	155.675
Custo Total de Oportunidade	24.985	24.457	22.905
Custos Totais	156.291	117.908	178.580
Marxe neta	52.863	74.422	19.780
Beneficio	27.878	49.964	-3.125

Gráfico 8. SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca dos grupos de cabeza e cola e media xeral





Gráfico 9. Custos variábeis, fixos e marxe neta dos grupos de cabeza e cola e media xeral



5.

EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2007–2008





5. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2007–2008

As 117 explotacións que estiveron presentes, tanto na análise de 2007 como na de 2008, foron ordenadas en función da variación experimentada pola relación entre o custo de produción (sen considerar os custos de oportunidade) e o produto bruto, tal como xa se fixera na análise de anos anteriores. O 25% das explotacións que reduciron ou, polo menos, mantiveron esa relación de 2007 a 2008 foi denominado “grupo de control” e o 25% en que aumentou, “grupo de incremento”.

Cómpre salientar que, debido ao incremento dos prezos dos insumos en 2008, mesmo reducindo a cantidade física utilizada, foi moi difícil diminuír e mesmo manter os custos no nivel de 2007.

Os resultados globais por explotación mostran que o grupo de control aumentou a súa marxe neta nun 2,8% e o seu beneficio nun 4,9% respecto dos espectaculares resultados de 2007. Pola súa parte, o grupo de incremento que tamén obtivera bos resultados en 2007 presenta un descenso do 38% na marxe neta e do 55,7% no beneficio (Táboa 10).

O prezo medio anual do leite subiu un 1,6% en ambos os dous grupos e o produto bruto en valores absolutos é semellante; mais mentres no grupo de control os custos variábeis crecían un 3,6%, e os totais un 1,4%, grazas ao descenso dos fixos nun 3,5% e dos de oportunidade nun 1,4%, no grupo de incremento os custos variábeis aumentaban un 32,6%, os fixos un 22,6%, os de oportunidade un 6,6% e os totais un 26,1% (Táboa 11 e Gráfico 10).

Cómpre salientar que os custos variábeis, os de produción e os totais, que eran superiores no grupo de control en 2007, pasaron a ser inferiores aos do grupo de incremento en 2008 e que a relación entre o prezo do leite e o do concentrado era mellor no grupo de incremento (1,28 vs. 1,25). Con todo, o resultado final é un aumento do 2,8% na marxe neta e do 4,9% no beneficio no grupo de control, no entanto o de incremento rexistraba un descenso do 38% na marxe neta e dun 55,7% no beneficio.

Apenas existen diferenzas de superficie entre ambos os dous grupos (24,4 vs. 25,2 ha), aínda que o de incremento ten un número algo maior de vacas (50,9 vs. 46 vacas), o que supón unha carga gandeira superior (2,1 vs 1,8 vacas/ha) e unha produción total (404.795 vs. 389.804 L) e por unidade de superficie (14.214 vs. 15.488 L/ha) superiores. Mais o realmente salientábel é que mentres no grupo de control para un rendemento medio de 8.467 L/vaca se utilizan 2.809 kg/vaca de concentrado, no de incremento consómense 3.077 kg/vaca para un rendemento de 7.952 L/vaca (Gráfico 11).

Outro aspecto importante é que o grupo de control aumentou o rendemento por vaca nun 0,8% e a carga gandeira até 1,8 vacas/ha aínda que sen alcanzar as 2,1 vacas/ha do de incremento, e reduciu o consumo de concentrado por vaca nun 3,7%, de modo que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pasou de 350 a 330 g/L. Pola contra, o grupo de incremento, que mantivo invariábel a carga gandeira, diminuíu o rendemento leiteiro por vaca nun 3% e aumentou o consumo de concentrado nun 1,8%, provocando que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pasase de 370 a 390 g/L.

Os resultados demostran, un ano máis, que a competitividade das explotacións depende fundamentalmente da súa capacidade para controlar e reducir os seus custos, porque o prezo do leite e dos insumos veñen dados, e a súa mellora son consecuencia de negociacións e non da xestión da explotación.

Táboa 10. Evolución dos resultados económicos nos grupos con incremento e control dos custos de produción

	Grupo de Incremento			Grupo de control			Media Xeral		
	2007	2008	(%)	2007	2008	(%)	2007	2008	(%)
Número de explotacións	30	30		30	30		117	117	
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)									
INGRESOS									
Venda do leite	39,15	39,79	1,6	39,58	40,22	1,6	39,34	40,04	1,8
Venda neta de animais	2,63	2,20	-16,3	2,04	1,71	-16,2	2,20	1,99	-9,5
Variación do inventario	0,93	0,82	-11,8	0,88	1,14	29,5	0,95	0,71	-25,3
Outros ingresos	4,11	5,24	27,5	4,46	4,94	10,8	4,29	5,00	16,6
Produto bruto	46,82	48,05	2,6	46,97	48,0	2,2	46,78	47,74	2,1
Venda leite/Produto bruto (%)	83,6	82,8	-1,0	84,2	83,6	-0,7	84,0	83,8	-0,2
CUSTOS VARIÁBEIS									
Compra de gando	0,24	0,92	283,3	0,53	0,43	-18,9	0,27	0,54	100
Compra alimentos vacas	10,75	14,01	30,3	10,34	12,03	16,3	10,66	13,06	22,5
Concentrados	9,84	13,18	33,9	9,41	11,3	20,1	9,74	12,04	23,6
Forraxes	0,91	0,83	-8,8	0,93	0,73	-21,5	0,92	1,01	9,8
Compra alimentos recría	1,11	1,66	49,5	1,68	1,68	0	1,57	1,90	21,0
Produción propia de forraxes	3,51	4,58	30,5	3,82	3,50	-8,4	3,55	3,81	7,3
Sanidade e reprodución	2,88	3,21	11,5	2,90	2,64	-9,0	2,68	2,80	4,5
Enerxía e maquinaria	1,75	2,44	39,4	2,99	2,79	-6,7	2,62	2,76	5,3
Total Custos Variábeis	20,23	26,83	32,6	22,26	23,07	3,6	21,35	24,88	16,5
CUSTOS FIXOS									
Amortizacións técnicas	3,43	3,79	10,5	2,22	2,16	-2,7	3,07	3,07	0
Man de obra retribuída	0,40	0,77	92,5	0,90	0,70	-22,2	0,75	0,95	26,7
Outros custos fixos	4,01	5,05	25,9	4,33	4,33	0	3,96	4,47	12,9
Total Custos Fixos	7,84	9,61	22,6	7,45	7,19	-3,5	7,79	8,50	9,1
Custo de produción	28,07	36,43	29,8	29,70	30,26	1,9	29,14	33,38	14,6
CUSTOS DE OPORTUNIDADE									
Xuros dos capitais propios	1,26	1,70	34,9	0,92	1,32	43,5	1,25	1,57	25,6
Renda das terras propias	1,38	0,92	-33,3	1,69	1,11	-34,3	1,55	1,05	-32,3
Custo do traballo familiar	2,68	3,05	13,8	3,08	3,17	2,9	2,70	2,91	7,8
Total Custo de Oportunidade	5,32	5,67	6,6	5,69	5,61	-1,4	5,50	5,53	0,5
Custos Totais	33,39	42,1	26,1	35,39	35,87	1,4	34,64	38,91	12,3
RESULTADOS ECONÓMICOS									
Marxe neta	18,75	11,62	-38,0	17,26	17,74	2,8	17,65	14,37	-18,6
Beneficio	13,43	5,95	-55,7	11,57	12,14	4,9	12,15	8,83	-27,3
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)									
Venda de leite	159.240	161.062	1,1	140.312	156.783	11,7	159.043	169.852	6,8
Produto bruto	190.438	194.516	2,1	166.482	187.135	12,4	189.133	202.525	7,1
Total Custos Variábeis	82.289	108.600	32,0	78.897	89.927	14,0	86.314	105.541	22,3
Total Custos Fixos	31.886	38.884	21,9	26.393	28.038	6,2	31.474	36.045	14,5
Custo Total de Produción	114.175	147.484	29,2	105.290	117.965	12,0	117.787	141.586	20,2
Custo Total de Oportunidade	21.634	22.939	6,0	20.164	21.849	8,4	22.241	23.466	5,5
Custos Totais	135.809	170.423	25,5	125.454	139.814	11,4	140.028	165.052	17,9
Marxeneta	76.263	47.032	-38,3	61.192	69.169	13,0	71.346	60.939	-14,6
Beneficio	54.629	24.093	-55,9	41.027	47.320	15,3	49.105	37.473	-23,7

Táboa 11. Evolución dos índices técnicos nos grupos de incremento e mantemento dos custos de produción

	Grupo de Incremento			Grupo de Control			Media Xeral		
	2007	2008	(%)	2007	2008	(%)	2007	2008	(%)
Número de explotacións	30	30		30	30		117	117	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS									
SAU (ha)	23,3	24,2	3,9	25,0	25,2	0,8	26,1	26,9	3,1
Nº de vacas	49,7	50,9	2,4	42,2	46,0	9,0	48,3	50,9	5,4
Produción comercializada (L/expl.)	406.728	404.795	-0,5	354.474	389.804	10,0	404.263	424.213	4,9
Produción/SAU (L/ha)	17.477	16.754	-4,1	14.214	15.488	9,0	15.522	15.802	1,8
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN									
Vacas/ha	2,1	2,1	0	1,7	1,8	5,9	1,9	1,9	0
UGM/ha	3,04	3,07	1,0	2,49	2,69	8,0	2,66	2,73	2,6
Partos/vaca/ano	0,73	0,77	5,5	0,90	0,86	-4,4	0,84	0,83	-1,2
Fertilizantes (€/ha)	204	194	-4,9	179	174	-2,8	186	200	7,5
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DE CONCENTRADO									
Rendemento (L/vaca)	8.195	7.952	-3,0	8.400	8.467	0,8	8.376	8.341	-0,4
Concentrado (kg/vaca)	3.023	3.077	1,8	2.916	2.809	-3,7	3.049	3.055	0,2
Concentrado/produción leite (g/L)	370	390	5,4	350	330	-5,7	360	370	2,8
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)									
Compra concentrado	9,84	13,18	33,9	9,41	11,30	20,1	9,74	12,04	23,6
Compra de forraxes	0,91	0,83	-8,8	0,93	0,73	-21,5	0,92	1,01	9,8
Produción forraxes propias	3,51	4,58	30,5	3,82	3,50	-8,4	3,55	3,81	7,3
CALIDADE DO LEITE									
% graxa	3,78	3,83	1,3	3,84	3,83	-0,3	3,84	3,84	0
% proteína	3,16	3,18	0,6	3,13	3,12	-0,3	3,16	3,14	-0,6
Bacterioloxía (000)	23	27	17,4	20	23	15,0	20	24	20,0
Células somáticas (000)	262	257	-1,9	216	213	-1,4	232	232	0
PREZOS									
Leite (€/100 L)	39,15	39,79	1,6	39,58	40,22	1,6	39,34	40,04	1,8
Concentrado (€/t)	251	310	23,5	256	320	25,0	255	311	22,0
Relación prezos leite/concentrado	1,56	1,28	-17,9	1,54	1,25	-18,8	1,54	1,28	-16,9

Gráfico 10. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite nos grupos con control de custos (G. Control.) con incremento de custos (G. Incr.) e media xeral 2007-2008






Gráfico 11. Produción de leite por vaca, concentrado por vaca e gastos en fertilizantes por hectárea nos grupos de control e incremento de custos e media xeral



6.

RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS





RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	10,33	10,91	12,95	14,59	13,70
Beneficio	2,87	2,63	5,95	8,98	8,92

Gráfico 26. SAU, vacas, rendimento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do prezo do leite (€/100 L) en 2008





Gráfico 27. Custos variábeis, custos fixos e marxe neta en función do prezo do leite (€/100 L) en 2008



6.9. Resultados en función do prezo do concentrado

O prezo do concentrado non garda relación con ningunha das variábeis máis significativas, como SAU, número de vacas, produción total de leite, carga gandeira, fertilización ou rendemento por vaca (Táboa 28).

Canto máis baixo é o prezo do concentrado máis alta é a relación entre o seu consumo e a produción de leite. Por outra parte, e como resulta obvio, canto máis baixo é o prezo do concentrado, máis favorábel é a relación prezo do leite/prezo do concentrado (Gráfico 28).

O gasto en concentrado, incluído o da recría, supón entre o 57 e o 64 % dos custos variábeis nas explotacións leiteiras galegas. Porén, aínda que entre os estratos extremos a diferenza no prezo medio do concentrado é de 134 €/t, iso non implica unha grande diferenza nos custos variábeis, nin sequera nos totais (Táboa 29).

Os resultados, tanto na marxe neta como no beneficio, son independentes do nivel do prezo do concentrado (Gráfico 29).



Táboa 28. Índices técnicos segundo o prezo do concentrado (€/t) en 2008

(€/t)	< 280	280-299,9	300-319,9	320-239,9	≥ 340
Número de explotacións	31	77	135	63	22
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	35,1	32,9	26,6	29,0	34,3
Nº de vacas	56,3	45,8	47,9	53,8	62,3
Produción comercializada (L)	456.413	326.930	385.353	442.853	450.018
Produción/SAU (L/ha)	13.309	10.070	14.532	15.331	13.176
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,6	1,4	1,8	1,9	1,8
UGM/ha	2,57	2,02	2,57	2,63	2,73
Partos/vaca/ano	0,79	0,85	0,78	0,84	0,78
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	146	151	209	178	209
N (kg/ha)	63	57	83	77	73
P ₂ O ₅ (kg/ha)	28	32	49	50	39
K ₂ O (kg/ha)	28	28	41	38	38
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	8.295	7.225	8.080	8.274	7.248
Concentrado (kg/vaca)	3.675	2.738	2.944	2.972	2.551
Concentrado/leite (g/L)	440	380	360	360	350
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	11,23	11,53	12,26	12,38	13,15
Compra de forraxes	3,29	0,35	0,56	0,41	0,89
Produción de forraxes propias	3,22	4,27	3,75	3,58	3,99
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,82	3,89	3,91	3,88	3,87
% proteína	3,18	3,18	3,15	3,15	3,20
Bacterioloxía (000)	29	33	28	25	27
Células somáticas (000)	219	223	231	238	239
PREZOS					
Leite (€/100 L)	39,01	39,08	39,70	40,14	40,55
Concentrado (€/t)	239	293	312	328	373
Relación prezos leite/concentrado	1,63	1,33	1,27	1,22	1,08

Táboa 29. Índices económicos segundo o prezo do concentrado (€/t) en 2008

Prezo concentrado (€/t)	< 280	280-299,9	300-319,9	320-239,9	≥ 340
Número de explotacións	31	77	135	63	22
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	39,01	39,08	39,70	40,14	40,55
Venda de animais	1,49	1,72	1,95	1,97	1,38
Total outros ingresos	2,81	3,67	4,23	4,79	4,24
Variación do inventario	1,31	1,92	0,97	1,12	0,72
Produto bruto	44,61	46,40	46,86	48,02	46,86
CUSTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,42	0,74	0,70	0,77	0,12
Compra alimentos vacas	14,52	11,88	12,81	12,79	14,04
Compra alimentos recría	1,59	1,58	1,99	1,96	1,71
Produción propia, forraxos	3,22	4,27	3,75	3,58	3,99
Sanidade e reprodución	2,75	2,62	2,70	2,78	2,68
Enerxía e maquinaria	2,79	2,74	3,27	3,18	2,96
Total Custos Variábeis	25,28	23,82	25,24	25,06	25,51
CUSTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,11	3,57	3,35	3,6	2,89
Outros custos fixos	3,26	3,39	4,12	4,48	3,70
Man de obra retribuída	1,47	0,72	1,37	0,93	1,63
Total Custos Fixos	7,84	7,68	8,84	8,57	8,22
Custo de produción	33,12	31,50	34,08	33,63	33,73
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,22	2,47	1,80	1,63	1,77
Renda das terras propias	1,33	1,60	1,16	1,17	1,52
Custo do traballo familiar	2,50	3,49	2,96	2,57	2,53
Total Custo de Oportunidade	6,05	7,56	5,92	5,38	5,82
Custos Totais	39,17	39,06	40,00	39,01	39,55
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	11,49	14,89	12,77	14,39	13,16
Beneficio	5,44	7,33	6,85	9,01	7,35

Gráfico 28. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do prezo do concentrado (€/t) en 2008





Gráfico 29. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do prezo do concentrado (€/t) en 2008



7.

AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO





7. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO

Do estudo comparativo dos custos de produción de leite no ámbito europeo, iniciado polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo no ano 2000 en colaboración con EDF (European Dairy Farmers), cómpre lembrar unha vez máis que non parte dun deseño mostral previo e, polo tanto, carece de representatividade estatística. Só pretende ofrecer unha aproximación das tendencias que segue o sector en Europa a partir da información que subministra a análise anual de custos de EDF.

No estudo de 2008 participaron 256 explotacións leiteiras de 18 Estados europeos, aínda que na análise só se utilizaron 247. Delas, oito eran galegas e 10 catalás. Na comparación só se consideran aqueles países cun número de explotacións analizadas igual ao de Galicia.

Ao comparar as explotacións galegas coas da UE, todas membros de EDF, apréciase que, aínda sendo de tamaño superior que a media das 328 controladas no programa de xestión da Consellería do Medio Rural (50,3 vacas, 29,9 ha e 394 t de produción)¹, son moito máis pequenas que a media de EDF, aínda que os valores medios non se poden considerar representativos por estar nesgados polas grandes explotacións dos antigos países socialistas. Neste sentido, é moito máis significativa a comparación coas medias dos diferentes países.

A nosa carga gandeira (2,3 vacas/ha) é superior á da media de EDF-UE e á de calquera outro país europeo, e inferior á catalá, aínda que neste caso a media estea desvirtuada pola elevada carga das dúas explotacións. Curiosamente, esta alta densidade gandeira, a pesar da reducida base territorial das explotacións galegas, aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 59%, o que exige a incorporación dunha cantidade importante de concentrado nas racións. Para unha produción por vaca de 7.398 kg FCM, inferior á da media da EDF-UE (8.001 kg FCM/vaca), o noso consumo medio de concentrado sitúase en 8 kg/vaca/día (2,9 t/vaca/ano), o máis alto da UE, onde a media é de 6,3 kg/vaca/día (2,3 t/vaca/ano) (Táboa 30).

Os custos directos en Galicia, con 20,8 €/100 kg FCM, foron superiores aos da media EDF (16,3 €/100 kg FCM). O mesmo acontece co custo total (45,7 vs. 42,7 €/100 kg FCM). Se se comparan estas cifras coas dos dous anos anteriores, observárase que Galicia perdeu competitividade respecto das explotacións europeas, a pesar de que o prezo do leite foi moi superior. En 2006, o custo total era en Galicia de 36,03 €/100 kg FCM fronte aos 39,35 €/100 kg FCM de media na EU (Táboa 31).

Da menor dimensión do rabaño resulta unha inferior produtividade da man de obra en Galicia (123 kg FCM/hora), fronte á media de EDF (186 kg FCM/hora). Non obstante, a diferenza entre Galicia e EDF reduciuse un 11 % respecto de 2007, o que evidencia unha clara mellora.

Por outra parte, a menor superficie das explotacións galegas implica un gasto inferior en amortización e conservación da maquinaria, enerxía, fuel e lubricantes, así como en salarios e contratos ou aluguer de maquinaria. Porén, resulta sorprendente que o gasto en fertilizantes sexa superior.

A taxa de eliminación de vacas en Galicia (16,9%) é inferior á da media da UE (25,6%), observándose en ambos os dous casos unha redución respecto de 2007, o que supón un período de amortización algo máis longo. O gasto na compra de animais é tamén inferior á media de EDF-EU.

¹ Como figura na Táboa 4

Cómpre sinalar que, salvo Irlanda e Eslovaquia, o rendemento por vaca é superior en calquera dos países de referencia escollidos e o consumo de concentrado por vaca inferior, salvo en Suecia onde as condicións climáticas son menos favorábeis

A consecuencia é que a cantidade de leite/vaca producido sen concentrados nas explotacións galegas (1.553 kg FCM) é máis baixa que a da UE, onde a media está en 3.402 kg FCM.

O gasto en alimentación animal das nosas explotacións (14,2 €/100 kg FCM), aínda que é inferior ao das catalás, representa o 68,3% dos custos directos, que en 2007 fora do 64,2%, e que resulta moi alto en relación coa media da UE (9,3 €/100 kg FCM) e coa de calquera dos países de referencia.

O investimento por vaca, sen contar a terra e a cota en Galicia (3.966 €/vaca), é inferior ao da media de EDF (5.402 €/vaca) e só algo superior ao do Reino Unido (3.521 €/vaca) (Táboa 32).



Táboa 30. Razóns das diferenzas de custos e ingresos nas explotacións de EDF en 2008

	UE	España	Galicia	Cataluña
Número de explotacións	247	18	8	10
DATOS XERAIS				
Superficie total da explotación (ha)	412	48	40	54
Proporción de superficie arrendada (%)	51	37	28	45
Man de obra familiar total (traballadores)	1,6	1,9	2,0	1,8
Man de obra asalariada total (traballadores)	11,2	1,3	0,9	1,6
Número de vacas	205	131	103	154
Ingresos de leite sobre os totais (%)	78	93	92	93
PRODUCCIÓN DE LEITE				
Cota total dispoñíbel (t FCM 4% graxa)	1.620	1.061	781	1.285
Cota arrendada sobre o total dispoñíbel. (%)	3	2	0	4
Produción total de leite (t FCM/ano)	1.635	1.206	871	1.474
Leite vendido ás industrias. (t FCM/ano)	1.599	1.198	867	1.462
Leite reempregado ou vendido directamente (t FCM/ano)	36	9	4	13
Contido de graxa (%)	4,09	3,71	3,76	3,67
Contido de proteína (%)	3,36	3,19	3,16	3,21
Cota cuberta (%)	102	109	107	112
Rendemento leiteiro (kg FCM por vaca)	8.001	8.510	7.398	9.400
USO DO SOLO				
Superficie forraxeira (ha)	130	48	40	53
Superficie forraxeira arrendada (%)	49	37	28	45
Prados (% superficie forraxeira)	51	28	59	3
Labradío sobre superficie forraxeira (%)	36	72	41	97
Carga gandeira (vacas/ha)	1,6	3,2	2,3	4
Produtividade da terra (kg FCM por ha)	12.888	29.101	18.059	37936
MAN DE OBRA				
Traballo (horas/vaca)	55	58	67	51
Produtividade do traballo (kg FCM/ hora)	186	173	123	214
CAPITAL				
Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)	5.402	4.002	3.966	4.030
Maquinaria (€/vaca)	1.201	863	1.187	603
Construcións (€/vaca)	2.247	1.325	979	1.601
Gando (€/vaca)	1.333	1.814	1.799	1.826
Participación en cooperativas (€/vaca)	69	0	0	0
Outros (€/vaca)	552	0	0	0
Produtividade do capital (kg FCM por 1000€)	1.825	2.311	2.144	2.444
MANEXO DO RABAÑO				
Ocupación da corte (%)	91,5	117,5	119	104,6
Idade ao primeiro parto (meses)	26,1	26,5	26,5	26,5
Intervalo entre partos (días)	402	425	254	349
Taxa de eliminación de vacas (%)	25,6	20,9	16,9	24,1
Mortalidade dos xatos (%)	11,7	11,0	5,8	15,1
ALIMENTACIÓN				
Consumo de concentrado (kg por vaca e día)	6,3	10,3	8,0	12,2
Produtividade do concentrado (kg de leite FCM/ kg de concentrado)	4,2	2,4	2,7	2,2
Leite producido sen concentrado (kg por vaca e ano)	3.402	976	1.553	513
PREZOS				
Prezo do leite (€/100 kg FCM)	0,35	0,40	0,41	0,40
Prezo da vaca de abasto (€/ kg de peso vivo)	0,96	0,87	0,78	0,51
Prezo dos xatos (€/xato)	125	96	102	91
Prezo de arrendamento da terra (€/ha)	267	313	255	298
Salarios (€/hora)	13,9	11,5	3,1	10,2
Prezo de venda da cota (€/kg, 4% de graxa)	0,36	0,19	0,19	0,19
Prezo de arrendamento da cota (€/kg, 4% de graxa)	0,01	0,00	0,00	0,00
Prezo do concentrado (€/t)	281	279	290	270

Táboa 31. Ingresos e custos nas explotacións de EDF en 2008

	EDF-UE	España	Galicia	Cataluña
INGRESOS (€/100 kg FCM)				
Venda de leite	35,3	40,3	40,6	40,1
Venda de gando e variación de inventario	4,3	3,8	4,0	3,7
Subsidios e axudas directas e balance do IVE	0,4	0,4	0,3	0,5
Outros ingresos	1,3	0,7	0,4	1,0
Ingresos Totais	41,3	45,3	45,2	45,3
CUSTOS (€/100 kg FCM)				
Compra de animais	0,7	0,4	0,4	0,4
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,2	1,5	1,5	1,5
Inseminación e transferencia de embrións	0,6	0,8	0,9	0,7
Outros custos directos da produción animal	2,0	2,2	1,8	2,6
Compra de alimentos	9,3	15,5	14,2	16,5
Sementes	0,4	0,4	0,4	0,4
Fertilizantes	1,2	0,8	1,3	0,4
Pesticidas	0,3	0,1	0,2	0,1
Outros custos directos da produción vexetal	0,5	0,2	0,3	0,2
Custos Directos Totais	16,3	21,8	20,8	22,6
Custos salariais	2,5	2,0	1,3	2,5
Custo de oportunidade do traballo familiar	5,4	7,4	10,9	4,6
Contratos/aluguer de maquinaria	2,0	1,6	1,2	2,0
Conservación de maquinaria e vehículos	1,2	1,1	0,6	1,4
Fuel, lubricantes	1,1	1,3	1,3	1,2
Enerxía	0,9	0,6	0,5	0,7
Amortización de maquinaria e vehículos	2,2	1,3	1,5	1,1
Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos	0,7	0,5	0,8	0,3
Custo do traballo	15,8	15,7	18,1	13,8
Arrendamento de cota	0,4	0,1	0,0	0,2
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	1,4	0,7	0,7	0,6
Custo da cota	1,8	0,8	0,7	0,8
Mantemento de instalacións	0,5	0,7	1,1	0,4
Arrendamentos	0,1	0,0	0,0	0,0
Amortizacións de instalacións	1,8	1,4	1,1	1,7
Custo de oportunidade das instalacións	1,6	0,9	0,8	1,1
Custo das instalacións	3,9	3,0	2,9	3,1
Arrendamento de terras	1,0	0,4	0,5	0,4
Custo de oportunidade da terra	1,4	0,9	1,2	0,6
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos.	0,1	0,0	0,0	0,0
Contribucións e cargas	0,2	0,2	0,3	0,1
Custos da terra	2,7	1,5	2,0	1,1
Outros Custos	2,2	1,2	1,2	1,2
Custos Totais	42,7	44,0	45,7	42,7
Custos efectivos	27,1	30,0	27,7	31,9
Amortizacións	4,2	2,7	2,6	2,8
Custos de oportunidade	11,4	11,3	15,4	8,1
RESULTADOS (€/100 kg FCM)				
Renda Familiar	10,1	12,5	14,9	10,6
Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)	-1,4	1,2	-0,5	2,6
Beneficio empresarial (con primas desacopladas)	2,6	4,8	3,7	5,7
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	24,8	27,7	25,7	29,2
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	34,9	38,3	40,4	36,7
Retribución do traballo (sen primas desacopladas)	13,0	17,9	13,9	21,1

Os ingresos totais das nosas explotacións (45,2 €/100 kg FCM) son superiores aos da media de EDF (41,3 €/100 kg FCM) e aos do resto dos países tomados como referencia, grazas ao prezo do leite, coa excepción de Suecia onde os subsidios son maiores (Táboa 33).

A pesar do seu pequeno tamaño, as explotacións galegas conseguen uns bos resultados en termos de renda familiar, mais o seu beneficio e a retribución do traballo é inferior ao das catalás a causa dos elevados custos de oportunidade. As explotacións irlandesas son as que obteñen mellores resultados en toda Europa grazas a eficiencia dos seus sistemas produtivos de baixo custo baseados no pastoreo.

Tanto no limiar de rendibilidade I ou de supervivencia, que indica o prezo do leite a partir do cal se obtén unha renda familiar positiva, como no limiar de rendibilidade II, que indica o prezo que debería alcanzar o leite para ter beneficios, Galicia só é mellor que Luxemburgo, Suecia e Eslovaquia

Hai que destacar que, ademais da súa escasa base territorial, a porcentaxe de superficie arrendada (28%) das explotacións galegas é a máis baixa de EDF-UE, onde a media está no 49% da superficie total. A superficie forraxeira só é superior á das belgas.

Se comparamos as cifras das explotacións galegas coas do 25% que obtén os mellores resultados en EDF e mesmo coas do 10% das que se poden considerar o grupo de excelencia, as diferenzas, sobre todo de tamaño, aínda son máis evidentes (Táboa 34). Curiosamente, o grupo do 10% das explotacións con mellores resultados tamén é o menos intensivo, como mostran o seu rendemento leiteiro (7.289 Kg/vaca), a súa produtividade por unidade de superficie (10.073 kg de leite/ha), o seu consumo de concentrado por vaca ou a cantidade de leite producido sen concentrado. A única vantaxe das galegas foi o prezo percibido polo leite.

Os altos ingresos das explotacións galegas maquillan os seus resultados respecto das mellores explotacións de EDF, mais os seus elevados custos directos e totais reflíctense tanto na renda familiar como no beneficio empresarial, limiar de rendibilidade e retribución do traballo (Táboa 35). Con todo, cómpre salientar que entre os resultados do 10% e o 25% das mellores explotacións de EDF non existen diferenzas relevantes.

En resumo, as explotacións galegas son de menor tamaño e máis intensivas, pero con menor produtividade da man de obra. Con todo, os seus resultados poden considerarse bos relativamente á media de EDF.

O elevado custo da alimentación, baseada nun consumo alto de concentrado, compénsase cun custo menor que o da media de EDF no traballo, cota, terra e instalacións. Para diminuír o custo da alimentación e a dependencia exterior na alimentación do gando así como para aumentar a produtividade do traballo, sería necesario ampliar a superficie forraxeira das explotacións.

Táboa 32. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2008²

	GZ	DE	BE	UK	NE	IE	FR	LU	SE	PL	SK
Número de explotacións	8	32	15	24	43	16	28	10	9	26	13
DATOS XERAIS											
Superficie total (ha)	40	414	54	229	92	82	138	117	347	873	2534
Superficie arrendada (%)	28	59	56	47	29	33	92	45	54	39	99
Traballadores familiares	2,0	1,7	1,4	1,6	1,4	1,3	2,1	1,8	1,4	1,8	0,0
Traballadores asalariados	0,9	8,1	0,1	3,2	0,4	0,6	0,6	0,2	3,4	26,5	90,3
Número de vacas	103	284	67	274	140	144	81	59	186	282	529
Ingresos leite sobre os totais (%)	92	80	80	81	90	88	70	60	87	73	32
PRODUCCIÓN DE LEITE											
Cota total (t FCM 4%graxa)	781	2.271	572	2.168	1.158	770	618	468	1.993	2.180	3.592
Cota arrendada sobre total (%)	0	9	2	0	8	2	0	4	0	0	0
Produción leite (t FCM/ano)	871	2.400	577	2.082	1.167	829	658	470	1.782	2.125	3.587
Leite para industria (t FCM/ano)	867	2.344	568	2.055	1.163	803	646	463	1.712	2.065	3.448
Leite reempregado e venda directa (t FCM/ano)	4	57	10	28	4	27	11	7	71	59	139
Contido de graxa (%)	3,76	4,06	4,18	4,12	4,34	4,04	4,06	4,19	4,18	4,09	3,87
Contido de proteína (%)	3,16	3,42	3,41	3,30	3,47	3,49	3,24	3,42	3,38	3,31	3,32
Cota cuberta (%)	107	103	100	98	102	103	107	100	96	101	99
Rendemento leiteiro (kg FCM/vaca)	7.398	8.341	8.736	7.453	8.350	5.857	8.320	8.065	9.527	7.369	6.359
USO DO SOLO											
Superficie forraxeira (ha)	40	261	36	165	83	79	78	70	265	276	0
Superficie forraxeira arrendada (%)	28	60	55	43	32	32	93	48	58	41	0
Prados (% superficie forraxeira)	59	55	9	67	85	93	23	63	17	34	0
Labradío (% superficie forraxeira)	41	43	44	15	15	2	46	23	24	62	0
Carga gandeira (vacas/ha)	2,3	1,4	1,9	1,7	1,7	1,9	1,1	0,8	0,8	1,0	0,0
Produtividade da terra (kg FCM/ha)	18.059	11.323	16.945	12.578	14.273	10.687	9.597	6.697	7.687	7.547	0
MAN DE OBRA											
Traballo (horas/vaca)	67	48	52	33	32	30	56	62	55	102	103
Produtividade traballo (kg / hora)	123	197	182	238	271	205	163	151	184	83	72
CAPITAL											
Total (sen terra nin cota) €/vaca	3.966	4.638	4.648	3.521	5.674	4.135	5.748	8.378	6.987	6.186	4.294
Maquinaria (€/vaca)	1.187	981	933	503	1.220	784	1.276	1.993	1.344	1.910	771
Construcións (€/vaca)	979	1.883	1.879	1.007	3.332	1.532	1.518	3.782	2.623	2.335	1.797
Gando (€/vaca)	1.799	1.131	1.422	1.412	1.122	1.568	1.532	1.638	1.417	1.323	620
Participación en cooperativas. (€/vaca)	0	113	8	77	0	0	172	240	195	74	2
Outros (€/vaca)	0	530	406	521	0	251	1.250	724	1.408	543	1.104
Produtividade do capital (kg/1000€)	2.144	2.289	2.282	2.490	1.530	1.500	1.682	1.054	1.570	1.330	2.057
MANEXO DO RABAÑO											
Ocupación da corte (%)	119	95	89	91	90	81	93	85	97	88	80
Idade ao primeiro parto (meses)	26,5	27,4	23,3	26,0	25,2	24,4	27,8	28,8	26,2	25,4	27,2
Intervalo entre partos (días)	254	406	388	390	407	397	401	409	393	402	409
Taxa de eliminación das vacas (%)	16,9	29,3	26,0	21,3	22,8	14,7	28,9	31,3	34,1	23,1	35,8
Mortalidade dos xatos (%)	5,8	10,9	12,9	7,0	13,6	13,3	15,4	11,1	9,9	8,8	12,2
ALIMENTACIÓN											
Consumo concentrado (kg/vaca día)	8,0	7,5	5,8	6,4	5,8	2,1	4,9	5,9	10,1	6,0	6,0
Produtivo Concentrado (kg leite/ kg conc.)	2,7	3,1	4,7	3,7	4,0	9,4	5,4	3,9	2,8	3,6	3,8
Leite producido sen concentrado (kg /vaca)	1.553	2.895	4.506	2.751	4.089	4.359	4.727	3.757	2.135	2.987	2.013
PREZOS											
Leite (€/100 kg FCM)	0,41	0,38	0,34	0,31	0,37	0,34	0,34	0,35	0,38	0,32	0,33
Vaca de abasto (€/ kg peso vivo)	0,78	0,92	0,97	0,95	0,77	1,09	1,52	0,89	1,03	0,83	0,76
Xatos (€/xato)	102	106	150	84	133	104	127	109	189	140	105
Arrendamento da terra (€/ha)	255	219	380	294	400	400	138	202	145	81	0
Salarios (€/hora)	3,1	12,8	10,2	16,8	18,6	15,2	19,6	17,2	16,9	3,5	4,2
Venda da cota (€/kg, 4 graxa)	0,19	0,34	0,62	0,09	0,90	0,20		1,20	0,01	0,18	
Arrendamento cota (€/kg, 4% graxa)	0,00							0,10			
Concentrado (€/t)	290	235	274	263	231	291	286	266	309	307	336

² GZ=Galicia, DE=Alemaña, BE=Bélxica, UK=Reino Unido, NE=Holanda, IE=Irlanda, FR=Francia, LU=Luxemburgo, SE=Suecia, PL=Polonia, SK=Eslovaquia.

Táboa 33. Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países europeos en 2008

	GZ	DE	BE	UK	NE	IE	FR	LU	SE	PL	SK
INGRESOS (€/100 kg FCM)											
Venda de leite	40,6	37,5	34,0	30,9	37,2	33,6	34,5	34,9	37,9	32,2	32,9
Venda de gando e variación de inventario	4,0	4,0	3,6	3,0	4,2	6,4	4,8	5,7	4,2	4,0	4,0
Subsidios, axudas directas e balance do IVE	0,3	0,9	0,5	0,0	0,2	0,5	0,9	1,5	3,1	-1,1	0,0
Outros ingresos	0,4	0,7	0,3	0,4	2,2	0,2	1,9	0,7	1,0	0,3	5,9
Ingresos Totais	45,2	43,2	38,3	34,3	43,8	40,8	42,1	42,8	46,2	35,4	42,8
CUSTOS (€/100 kg FCM)											
Compra de animais	0,4	0,7	0,5	0,4	1,3	0,4	0,5	1,3	1,0	0,5	0,2
Sanidade animal e cuidado dos pezuños	1,5	1,2	1,2	1,2	1,1	1,1	1,2	1,6	0,8	1,2	1,3
Inseminación e transferencia de embrións	0,9	0,4	0,6	0,5	0,5	0,7	0,8	0,8	1,2	0,6	0,7
Outros custos directos da produción animal	1,8	1,8	1,8	2,2	1,9	2,7	2,6	2,7	1,9	1,7	1,3
Compra de alimentos	14,2	8,9	7,5	7,9	7,8	5,0	8,2	6,6	10,3	7,2	23,7
Sementes	0,4	0,6	0,5	0,3	0,0	0,3	0,8	0,6	0,9	0,7	0,0
Fertilizantes	1,3	1,1	0,9	1,5	0,7	2,7	1,2	1,3	1,0	2,3	0,0
Pesticidas	0,2	0,3	0,3	0,1	0,0	0,0	0,7	0,5	0,1	0,9	0,0
Outros custos directos da produción vexetal	0,3	0,5	1,0	0,4	0,1	0,0	1,0	0,7	1,0	0,6	0,8
Custos Directos Totais	20,8	15,6	14,3	14,5	13,3	12,9	17,0	16,1	18,1	15,7	28,0
Custos salariais	1,3	2,8	0,1	4,0	1,5	2,3	2,4	0,5	5,3	2,0	6,1
Custo de oportunidade do traballo familiar	10,9	5,9	8,0	2,8	5,6	5,1	8,2	8,3	6,1	2,2	0,0
Contratos/aluguer de maquinaria	1,2	1,8	2,4	1,7	3,2	1,5	2,1	2,5	2,6	1,1	0,7
Conservación de maquinaria e vehículos	0,6	1,2	1,2	1,1	1,6	1,5	1,2	2,3	1,6	0,5	0,5
Fuel, lubricantes	1,3	1,4	0,5	0,9	0,6	0,0	1,0	1,0	1,6	2,1	1,0
Enerxía	0,5	0,9	1,3	0,6	0,9	0,6	0,9	1,4	1,2	0,8	1,6
Amortización de maquinaria e vehículos	1,5	2,0	2,3	1,4	2,9	1,2	2,7	3,8	2,0	2,0	1,5
Custo de oportunidade da maquinaria e vehículos	0,8	0,4	0,6	0,3	0,6	0,6	0,7	1,0	0,8	1,3	0,7
Custo do traballo	18,1	16,4	16,4	12,9	16,8	12,8	19,2	20,7	21,1	11,9	12,1
Arrendamento da cota	0,0	0,4	0,0	0,0	1,7	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0
Supertaxa	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	0,7	1,2	2,4	0,4	3,4	0,7	0,0	4,6	0,0	0,7	0,0
Custo da cota	0,7	1,7	2,4	0,4	5,1	0,8	0,0	5,0	0,0	0,7	0,0
Mantemento de instalacións	1,1	0,5	0,0	1,2	0,4	0,8	0,4	0,2	1,0	0,2	0,4
Arrendamentos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3	0,2	0,3	0,0	0,1
Amortizacións das instalacións	1,1	1,5	2,0	0,9	2,2	0,8	2,5	3,2	1,7	1,1	1,7
Custo de oportunidade das instalacións	0,8	0,9	1,3	0,9	1,6	2,0	1,1	1,9	1,5	2,5	2,9
Custo das instalacións	2,9	3,0	3,3	3,0	4,2	3,7	4,3	5,6	4,5	3,8	5,0
Arrendamento das terras	0,5	1,1	1,0	1,0	1,0	1,2	1,5	1,4	2,5	0,4	0,0
Custo de oportunidade da terra	1,2	1,2	0,8	1,6	2,5	3,0	0,1	1,9	0,9	1,4	0,0
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos.	0,0	0,1	0,0	0,0	0,2	0,0	0,1	0,0	0,3	0,1	0,0
Contribucións e cargas	0,3	0,1	0,0	0,1	0,6	0,0	0,1	0,1	0,0	0,3	0,3
Custos da terra	2,0	2,5	1,9	2,6	4,3	4,2	1,8	3,5	3,6	2,1	0,3
Outros Custos	1,2	1,8	1,5	1,3	1,7	1,9	2,7	3,6	2,3	1,1	6,9
Custos Totais	45,7	41,0	39,9	34,6	45,4	36,3	45,0	54,6	49,6	35,4	52,4
Custos efectivos	27,7	27,0	21,5	25,3	26,1	21,4	28,0	28,5	35,3	22,9	41,4
Amortizacións	2,6	3,6	4,4	2,3	5,1	2,1	5,4	7,1	3,7	3,3	6,2
Custos de oportunidade	15,4	10,5	14,0	7,1	14,2	12,8	11,6	19,0	10,6	9,1	4,8
RESULTADOS (€/100 kg FCM)											
Renda Familiar	14,9	12,7	12,4	6,8	12,6	17,3	8,7	7,2	7,2	9,1	-4,8
Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)	-0,5	2,2	-1,5	-0,3	-1,7	4,5	-2,9	-11,8	-3,4	0,0	-9,7
Beneficio empresarial (con primas desacopladas)	3,7	6,2	2,2	3,0	2,0	8,6	1,1	-3,8	1,1	3,1	-5,1
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	25,7	24,3	21,5	24,1	22,9	16,3	25,8	27,3	30,6	23,0	37,7
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	40,4	33,7	33,1	30,9	33,8	28,4	37,4	41,7	41,2	31,4	42,6
Retribución do traballo (sen primas desacopladas)	13,9	21,6	12,2	15,9	14,6	24,3	12,0	-3,4	14,2	3,2	-1,5

Táboa 34. Razóns das diferenzas de custos e ingresos nas mellores explotacións de EDF en 2008

			EDF-UE	
	Galicia	Media	25%	10%
Número de explotacións	8	247	62	9
DATOS XERAIS				
Superficie total da explotación (ha)	40	412	539	745
Proporción de superficie arrendada (%)	28	51	50	54
Man de obra familiar total (traballadores)	2,0	1,6	1,7	1,8
Man de obra asalariada total (traballadores)	0,9	11,2	13,7	20,9
Número de vacas	103	205	278	453
Ingresos de leite sobre os totais (%)	92	78	81	85
PRODUCCIÓN DE LEITE				
Cota total dispoñíbel (t FCM 4% graxa)	781	1.620	2.153	3.253
Cota arrendada sobre o total dispoñíbel (%)	0	3	3	0
Producción total de leite (t FCM/ano)	871	1.635	2.213	3.617
Leite vendido ás industrias. (t FCM/ano)	867	1.599	2.172	3.471
Leite reempregado ou vendido directamente (t FCM/ano)	4	36	41	147
Contido de graxa (%)	3,76	4,09	4,12	4,15
Contido de proteína (%)	3,16	3,36	3,39	3,46
Cota cuberta (%)	107	102	103	104
Rendemento leiteiro (kg FCM/ vaca)	7.398	8.001	7.856	7.289
USO DO SOLO				
Superficie forraxeira (ha)	40	130	190	442
Superficie forraxeira arrendada (%)	28	49	49	44
Prados (% superficie forraxeira)	59	51	59	65
Labradío sobre superficie forraxeira (%)	41	36	32	15
Carga gandeira (vacas/ha)	2,3	1,6	1,6	1,6
Produtividade da terra (kg FCM/ ha)	18.059	12.888	12.583	10.073
MAN DE OBRA				
Traballo (horas/vaca)	67	55	49	35
Produtividade do traballo (kg FCM/ hora)	123	186	210	222
CAPITAL				
Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)	3.966	5.402	4.451	3.507
Maquinaria (€/vaca)	1.187	1.201	933	825
Construcións (€/vaca)	979	2.247	1.626	1.105
Gando (€/vaca)	1.799	1.333	1.331	1.274
Participación en cooperativas (€/vaca)	0	69	60	124
Outros (€/vaca)	0	552	501	180
Produtividade do capital (kg FCM /1000€)	2.144	1.825	2.112	2.234
MANEXO DO RABAÑO				
Ocupación da corte (%)	119	91	89,6	90,4
Idade ao primeiro parto (meses)	26,5	26,1	25,5	24,6
Intervalo entre partos (días)	254	402	399	395
Taxa de eliminación de vacas (%)	16,9	25,6	22,0	19,8
Mortalidade dos xatos (%)	5,8	11,7	9,1	8,3
ALIMENTACIÓN				
Consumo de concentrado (kg /vaca e día)	8,0	6,3	5,4	4,2
Produtividade do concentrado (kg leite FCM/ kg concentrado)	2,7	4,2	5,2	5,7
Leite producido sen concentrado (kg/vaca e ano)	1.553	3.402	3.917	4.232
PREZOS				
Prezo do leite (€/100 kg FCM)	0,41	0,35	0,34	0,34
Prezo da vaca de abasto (€/ kg de peso vivo)	0,78	0,96	0,95	0,90
Prezo dos xatos (€/xato)	102	125	124	105
Prezo de arrendamento da terra (€/ha)	255	267	214	264
Salarios (€/hora)	3,1	13,9	13,43	11,4
Prezo de venda da cota (€/kg, 4% de graxa)	0,19	0,36	0,32	0,31
Prezo de arrendamento da cota (€/kg, 4% de graxa)		0,01	0,00	0,00
Prezo do concentrado (€/t)	290	281	284	315

Táboa 35. Ingresos e custos nas mellores explotacións de EDF en 2008

	EDF-UE			
	Galicia	Media	Mellor 25%	Mellor10%
INGRESOS (€/100 kg FCM)				
Venda de leite	40,6	35,3	33,6	33,8
Venda de gando e variación de inventario	4,0	4,3	4,5	5,3
Subsidios e axudas directas e balance do IVE	0,3	0,4	0,5	0,9
Outros ingresos	0,4	1,3	0,8	0,9
Ingresos Totais	45,2	41,3	39,4	40,8
CUSTOS (€/100 kg FCM)				
Compra de animais	0,4	0,7	0,5	0,0
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,5	1,2	1,0	1,0
Inseminación e transferencia de embrións	0,9	0,6	0,5	0,3
Outros custos directos da produción animal	1,8	2,0	1,8	2,0
Compra de alimentos	14,2	9,3	6,8	7,1
Sementes	0,4	0,4	0,3	0,3
Fertilizantes	1,3	1,2	1,4	1,6
Pesticidas	0,2	0,3	0,2	0,1
Outros custos directos da produción vexetal	0,3	0,5	0,3	0,2
Custos Directos Totais	20,8	16,3	12,6	12,7
Custos salariais	1,3	2,5	2,0	3,1
Custo de oportunidade do traballo familiar	10,9	5,4	4,3	3,8
Contratos/aluguer de maquinaria	1,2	2,0	1,5	1,3
Conservación de maquinaria e vehículos	0,6	1,2	0,9	1,0
Fuel, lubricantes	1,3	1,1	0,8	0,5
Enerxía	0,5	0,9	0,7	0,7
Amortización de maquinaria e vehículos	1,5	2,2	1,6	1,8
Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos	0,8	0,7	0,6	0,6
Custo do traballo	18,1	15,8	12,3	12,8
Arrendamento de cota	0,0	0,4	0,4	0,0
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	0,7	1,4	1,2	1,2
Custo da cota	0,7	1,8	1,6	1,2
Mantemento de instalacións	1,1	0,5	0,4	0,6
Arrendamentos	0,0	0,1	0,0	0,0
Amortizacións de instalacións	1,1	1,8	1,2	1,1
Custo de oportunidade das instalacións	0,8	1,6	1,3	1,0
Custo das instalacións	2,9	3,9	2,9	2,6
Arrendamento de terras	0,5	1,0	0,8	0,9
Custo de oportunidade da terra	1,2	1,4	1,4	1,3
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos.	0,0	0,1	0,0	0,0
Contribucións e cargas	0,3	0,2	0,1	0,1
Custos da terra	2,0	2,7	2,3	2,3
Outros Custos	1,2	2,2	1,5	1,9
Custos Totais	45,7	42,7	33,2	33,6
Custos efectivos	27,7	27,1	20,5	21,8
Amortizacións	2,6	4,2	3,0	2,9
Custos de oportunidade	15,4	11,4	9,7	8,9
RESULTADOS (€/100 kg FCM)				
Renda Familiar	14,9	10,1	15,9	16,1
Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)	-0,5	-1,4	6,2	7,2
Beneficio empresarial (con primas desacopladas)	3,7	2,6	9,7	10,8
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	25,7	24,8	17,3	17,7
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	40,4	34,9	25,9	25,4
Retribución do traballo (sen primas desacopladas)	13,9	13,0	25,7	30,5

CONCLUSIONES





CONCLUSIÓN

En 2008 o prezo medio anual do leite foi algo máis alto que en 2007, a pesar de non ter deixado de baixar desde comezos de ano, e os resultados económicos foron inferiores.

O máis salientábel é que, a pesar do incremento dos ingresos, tanto a marxe neta como o beneficio diminuíron. A razón está no aumento dos custos, tanto variábeis como fixos, debido ao encarecemento da totalidade dos factores de produción: gando, alimentos, fertilizantes, sanidade e reprodución, enerxía, maquinaria e man de obra.

Desde o punto de vista técnico, mantense a tendencia a aumentar moi lixeiramente a Superficie Agraria Útil e o tamaño medio do rabaño e, na mesma medida, a carga gandeira, a produción de leite por unidade de superficie e o volume comercializado por explotación. O crecemento do rendemento leiteiro, por primeira vez en anos, estáncase. Como o consumo de concentrado por vaca permanece estábel, a relación entre consumo de concentrado e produción de leite por vaca tampouco mellora.

A evolución do grupo permanente de explotacións participantes no programa de xestión entre 2004 a 2008 confirma o esgotamento dun modelo no que o progreso técnico parece estancarse e os custos económicos son cada vez máis altos.

As explotacións galegas, como se viu nas análises de anos anteriores, son moi vulnerábeis ás oscilacións dos prezos, tanto do leite como dos factores de produción. A relación entre o prezo do leite e o do concentrado foi en 2008 a peor do lustro e todo indica que pode seguir deteriorándose.

Por outra parte, como xa se viu nun ano tan excepcionalmente bo como 2007, nin o tamaño, nin o volume de ingresos, nin o grao de intensificación do sistema produtivo explican as diferenzas de resultados entre as explotacións leiteiras. A rendibilidade dunha explotación depende do control dos custos de produción tanto como do prezo do leite e dos ingresos, e o aumento da dimensión non está a significar unha mellora da xestión. De feito, as de maior tamaño, que son tamén as máis intensificadas, como indican as cargas gandeiras, rendementos leiteiros e consumos de concentrado, parecen ser incapaces de aproveitar as vantaxes que ofrece a súa maior base territorial.

Outra constatación, que se repite ao longo dos anos, é que as explotacións con maior carga son as que máis gastan en fertilizantes químicos, o que revela unha xestión moi deficiente.

A comparación, no ámbito de EDF, das explotacións galegas coas europeas evidencian o seu menor tamaño, a súa maior intensificación, a menor produtividade da man de obra, o elevado consumo de concentrado e o alto custo da alimentación do gando.

Unha das vantaxes comparativas coa que contaban as explotacións galegas, e que tende a desaparecer, é o prezo alto do leite en relación aos da maioría dos países europeos. Non deixou de descender en todo 2008 e non se albiscan perspectivas de recuperación inmediata. Estímase que nos dous próximos anos se vai estabilizar no nivel que alcanzaba en 2005. Nesta situación, as explotacións con maior endebedamento poden encontrar serias dificultades para subsistir.

